

O PEQUENO INDIO

Texto de RICARDO ALCÁNTARA

Ilustracións de GUSTI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón con esquinas redondeadas. 17,5 x 22 cm. 14 páx. 12 €.

O pequeno indio (galego)

ISBN 978-84-8464-472-9. Acartonados. Prelectores.

El joven guerrero (castelán)

ISBN 978-84-8464-491-0. Acartonados. Prelectores.

El jove guerri (catalán)

ISBN 978-84-16804-79-5. Cartró. Pre-lectors.

Indiar txikia (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-126-0. Kartoizko. Orriak.

O pequeno guerrero (portugués)

ISBN 978-989-749-122-1. Cartonados. Preleitores.

Paolino, spirto guerriero (italiano)

ISBN 978-84-8464-473-6. Cartonati. Prelettori.

CARA PINTADA E UN PEQUENO GUERREIRO
DA TRIBO DOS MOI LARPEIROS.

NA ALDEA NON PARA UN MOMENTO,
SÁBENO BEN NO CAMPAMENTO...

A imaxinación desbordante da infancia reflíctese en «O pequeno indio», que remite a outro clásico dos mesmos autores, «O pirata valente». Nesta ocasión, as aventuras de Brais ambiéntanse no lonxano Oeste a través da estética das icónicas películas de indios e vaqueiros. O protagonista volve amosar a súa ilimitada capacidade para converter calquera obxecto no penacho de plumas más impoñente, na montura máis veloz, no arco más certeiro...


O humor é unha característica esencial nesta serie de libros de Ricardo Alcántara e Gusti, especialmente cando a voz atronadora da mamá interrompe de xeito inesperado as fazañas do intrépido neno. Unha vez máis, a importancia do xogo está presente nesta divertida historia. As enxeñosas rimas invitan -sen saír da casa- a explorar a estepa seguindo rastros, cabalgando ou navegando en canoa. Tamén aquí, as peripecias do rebuldeiro Brais volven evocar o audaz Max de [«Onde viven os monstros»](#), de Maurice Sendak.

As ilustracións acompañan o dinamismo literario con trazos áxiles e irregulares que presentan o protagonista en plena acción. Destaca a habilidosa e expresiva proposta para reflectir o tránsito da ficción á realidade que, lonxe de truncar o ritmo do relato, refórza en intensidade e simpatía.



RICARDO ALCÁNTARA & GUSTI

O PEQUENO INDIO



■ **Temática:** aventura imaxinaria.

■ **Idade recomendada:** prelectores.

■ **Aspectos destacables:** rimas, dinamismo; xogo simbólico e xogo dramático; imaxinación, fantasía; dos autores de [«O pirata valente»](#), do ilustrador de [«Teño uns pés perfectos»](#) (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-pequeno-indio-g>

Ricardo Alcántara

(Montevideo, 1946)

Estudou Psicoloxía en São Paulo pero, en 1975 trasladouse a Barcelona, onde reside dende entón, dedicado á literatura. Publicou máis dun cento de libros, entre novelas -algunhas traducidas a numerosas linguas- e obras para público infantil e xuvenil. Recibiu os premios Austral Infantil 1987, Lazarillo 1987 e Apelles Mestres 1990. A súa produción literaria figura na Lista de Honra do Banco do Libro de Venezuela e The White Ravens de Alemaña.

Gusti

(Bos Aires, 1963)

Estudou na Escola de Arte Fernando Fader e enfocou o seu traballo á animación para televisión, a ilustración de cómic e álbum ilustrado. Trasladouse a Europa en 1985: París, Madrid e Barcelona. Recibiu, entre outros, o Premio Apelles Mestres e a Mazá de Ouro de Bratislava (1989), o Premio Nacional de Ilustración (1990), o Premio Lazarillo (1991), o diploma de honra do Premio Iberoamericano de Ilustración (1994), os premios Serra d'Or e Junceda (2007, 2015). A súa obra foi destacada na lista The White Ravens, no Banco do Libro de Venezuela e na Lista de Honra IBBY. Imparte un postgrado de ilustración na escola de deseño Eina. Ademais de colaborar en proxectos relacionados coa natureza, é cofundador de Windown-La Ventana, unha asociación que traballa as artes plásticas con persoas con diferentes capacidades.

<http://gustiart.com>

[www.Kalandraka](http://www.kalandraka.com).com

comunicacion@kalandraka.com